

Estudo preliminar sobre presenza da ouxa (*Myliobatis aquila*) no litoral de Galicia (SOL-OUXA I)

INFORME DE EXECUCIÓN 2025

ÍNDICE

1. SUMARIO EXECUTIVO	3
2. ANTECEDENTES.....	3
3. OBXECTIVOS	7
4. INDICADORES DE RESULTADOS.....	30
5. BIBLIOGRAFÍA (resumo).....	31
6. ANEXO I. Listaxe de referencias bibliográficas.	33
7. ANEXO II. Bibliografía. Fichas bibliográficas	36
8a. ANEXO III. Enquisa PESCA	53
8b. ANEXO IV. Enquisa MARISQUEO	56
9. ANEXO V. Informe de diagnóstico (Entregable I).	60
10. ANEXO VI. Principais elementos da proposta SOL-OUXA II (Entregable 2)	70

1. SUMARIO EXECUTIVO

O proxecto “Estudo preliminar sobre presenza da ouxa (*Myliobatis aquila*) no litoral de Galicia. SOL-OUXA I”, código do proxecto PR004A 2024/09, ten como obxectivo incrementar o coñecemento sobre a presenza nas costas galegas do peixe conditio *Myliobatis aquila*. Este peixe é denominado xeralmente como raia aguia, raia aguia mariña, aguia mariña ou, localmente, como “ouxa”. *M. aquila* é considerado tradicionalmente un dos principais depredadores de moluscos bivalvos e representa unha preocupación cada vez máis salientable entre as persoas que exercen o marisqueo en Galicia.

En consecuencia, faise necesario incrementar o coñecemento sobre esta especie presente no ecosistema mariño galego; constatar que percepción ten a comunidade pesqueira sobre o seu impacto na actividade marisqueira e, finalmente, sentar as bases para o desenvolvemento dun programa de actividades que permitan analizar a pegada que ten sobre os bancos de moluscos bivalvos.

Con esta tarefa impulsárase un marco de encontro entre administración, investigadores/as e os sectores pesqueiro e marisqueiro. Neste marco compartiranse os datos e as experiencias existentes en Galicia e noutros ámbitos xeográficos e se elaborará un informe de diagnóstico que integre a información científica e técnica coa percepción do sector. Todas estas actividades teñen a finalidade de identificar as necesidades de investigación na materia.

O resultado das actividades que aquí se recollen será un estudo preliminar que actuará como unha folla de ruta coas accións que se poderían materializar nun futuro proxecto máis amplo. Este proxecto sería presentado á convocatoria do programa REDEMAR (Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia) e nel participarían investigadores, técnicos da administración e persoal do sector pesqueiro/marisqueiro.

2. ANTECEDENTES

Denominación da especie

A especie *Myliobatis aquila* (Linnaeus, 1758) é un peixe conditio (con esqueleto cartilaxinoso) pertencente á orde *Mylibatiformes*, que é coñecido normalmente en Galicia coma “aguia de mar” ou “ouxa” aínda que, ás veces, denomínase tamén “chucho”. En castelán denomínase xeralmente como “raya águila” ou “águila marina”, en inglés “*common eagle ray*” e en francés “*aigle commun*”. O nome científico é *Myliobatis aquila* (Linnaeus, 1758) e a súa sinonimia é *Raja aquila* Linnaeus, 1758 (Jabado *et al.*, 2021).

Hai que indicar que existe unha certa confusión coa utilización en Galicia dos nomes comúns de “ouxa” ou “chucho” para a especie *Myliobatis aquila* (Táboa 1) xa que na “Resolución do 24 de maio de 2019, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica a listaxe de denominacións comerciais de especies pesqueiras e de acuicultura admitidas en España” o nome común en Galicia aparece como “chucho”, deixando o nome de “ouxa común” para outra raia, a pastinaca (*Dasyatis pastinaca*). O nome comercial oficial en castelán establecido para *Myliobatis aquila* é de “águila marina”, deixando o nome común de “chucho” para a pastinaca (https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2019-9026).

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Táboa I: Nomes comerciais, considerados como denominacións oficiais, das raías *Myliobatis aquila* e *Dasyatis pastinaca* segundo a "Resolución do 24 de maio de 2019, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se publica a listaxe de denominacións comerciais de especies pesqueiras e de acuicultura admitidas en España".

Nome comercial	Nome científico	Andalucía	Asturias	Baleares	Canarias	Cataluña	Galicia	Murcia	FAO
Águila marina	<i>Myliobatis aquila</i>	Águila ou chucho	--	Bonjesús	Águila marina/ Peje águila	Milana	Chucho	Chucho	MYL
Chucho	<i>Dasyatis pastinaca</i>	--	Chuchu	Ferrassa	Pastinaca común	Esurçana	Ouxa común	--	JDP

Como o nome utilizado máis habitualmente polo sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia para designar á especie *Myliobatis aquila* é "ouxa", utilizaremos a denominación de "ouxa" para referirnos a dita especie.

As diferencias morfolóxicas de *Myliobatis aquila* e *Dasyatis pastinaca* pódense observar a continuación (Fig. 1).



Figura 1: Fotos de *Myliobatis aquila* (esquerda) e *Dasyatis pastinaca* (dereita). Fotos cedidas por Xulio Valeiras (Proxecto PESCASOST-IEO).

Descrición da especie

Esta especie pode acadar un tamaño aproximado de 180 cm (ancho do disco) e 15 kg de peso. Caracterízase pola súa cabeza curta e redondeada; aletas pectorais amplas que lle confiren unha forma romboidal e unha cola longa e afiada, cunha pequena aleta dorsal e dous aguillóns venenosos. A súa boca sitúase na parte ventral do corpo con sete filas de dentes na placa mandíbula superior, que lle permiten triturar estruturas rixidas coma as cunchas dos moluscos.

Protección (categorías da UICN)

Myliobatis aquila está na Lista Vermella de Especies Ameazadas da UICN (*International Union for Conservation of Nature and Natural Resources*, Unión Internacional para a Conservación da Natureza e os Recursos Naturais). Está considerada como especie protexida (Fig. 2), tanto a nivel mundial, coa categoría de *Critically endangered* (en perigo crítico) como a nivel de Europa e países do Mediterráneo, incluída na listaxe de especies "vulnerables" (Jabado, R.W. *et al.*, 2021). Por iso, cando os/as pescadores/as galegos/as

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

capturan accidentalmente coas súas artes de pesca exemplares de ouxas deben devolvelas ao mar por ser unha especie protexida.

Estado de conservación		
Lugar	Estado de conservación	Fuente
🌐 Globalmente	🚩 critically endangered (CR)	IUCN Red List 🔗
📍 Europe (incl. oceans)	🚩 Vulnerable (VU) Añadido por victor_85 el 03 septiembre 2023 Actualizado por victor_85 el 03 septiembre 2023	IUCN Red List 🔗
📍 Mediterranean	🚩 Vulnerable (VU) Añadido por victor_85 el 03 septiembre 2023 Actualizado por victor_85 el 03 septiembre 2023	IUCN Red List 🔗

Figura 2: Categorias UICN de conservación de *Myliobatis aquila*.

Distribución

Atópase no Atlántico oriental (incluíndo o Mar Mediterráneo) dende as costas do Mar do Norte ata as costas de Sudáfrica, estando tamén descrita no Océano Índico occidental, desde Sudáfrica ata as costas de Quenia (Fig. 3).




Figura 3: Mapas de distribución da ouxa en Europa (esquerda) e no mundo (dereita). Fonte: IUCN.

Myliobatis aquila é un peixe demersal e semipeláxico que normalmente habita augas costeiras pouco profundas, sendo común en estuarios. Pode habitar augas salobres e ten predilección por fondos de area ou lama onde aproveitan para alimentarse. Tense rexistrado a súa presenza en zonas da plataforma ou do

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

cantil a profundidades maiores de 500 m. En Galicia están presentes ao longo de toda a costa, pero son principalmente abundantes nas zonas de interior das rías.

Reprodución

Trátase dunha especie ovovivípara, a femia pon os ovos que permanecen dentro do seu corpo durante un período de xestación de entre 6 e 8 meses. Ten unha baixa fecundidade, de entre 3 e 7 embrións por posta, que podería afectar a súa produtividade biolóxica. De acordo coa bibliografía, reproducése preferentemente entre finais de primavera e principios de verán. Normalmente son individuos solitarios que en determinados momentos do ano, especialmente no verán, poden presentar comportamentos gregarios debidos á reprodución, á alimentación ou a movementos migratorios.

Alimentación

A ouxa, xunto coas estrelas de mar, os cangrexos e algúns gasterópodos, é unha especie considerada tradicionalmente polo sector do marisqueo como un dos principais predadores de moluscos bivalvos, causando danos nos bancos marisqueiros. Non ten depredadores naturais coñecidos e actualmente carece de interese comercial en España.

Diferentes estudos documentaron a preferencia e voracidade de *Myliobatis aquila* por invertebrados bentónicos mariños. Así, por exemplo, podemos mencionar os seguintes traballos sobre a súa dieta (referencias completas no apartado "Bibliografía"):

García, A. et al. (2009). Estudos realizados polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) en colaboración co Aquarium Galicia de O Grove e as confrarías de Noia, Vilaxoán, Carril, Ribeira, Illa de Arousa, Lonxa Campelo e O Grove. Este grupo rexistrou os mecanismos de depredación, a súa intensidade, importancia e distribución de diferentes especies depredadoras, incluíndo a ouxa, en diversas zonas marisqueiras de Galicia. Probas de alimentación dunha parella de ouxas aclimatadas nun tanque mostraron a preferencia das ouxas por bivalvos de cunchas de menor resistencia. Tamén se documentaron os movementos característicos destes animais para localizar ameixas enterradas, cavar no substrato e romper as cunchas coas placas óseas da boca. As observacións realizadas en espazos naturais das rías de Arousa e Pontevedra estableceron as épocas (finais de primavera-principios de verán) nas que comezan a frecuentar as praias.

Capapé Christian (1976). Nun estudo realizado en Túnez, examinaron os contidos estomacais de 523 exemplares (282 machos, 241 femias) e concluíron que os invertebrados bentónicos aparecían nos estómagos con máis frecuencia que calquera outro grupo. A especie alimentase de invertebrados bentónicos, entre os que se atopan lamelibranquios, gasterópodos e crustáceos. A medida que os exemplares medran, aparecen variacións cualitativas na elección específica de alimentos. Este fenómeno é moito máis marcado nas femias, que habitualmente alcanzan un tamaño maior que os machos.

Ozten et al. (2024). Nun estudo do contido estomacal de 85 exemplares de *Myliobatis aquila* capturados na baía de Saros (Turquía), con tamaños comprendidos entre 29,5 e 121 cm, atopou que a súa principal fonte de alimento eran os moluscos gasterópodos (% IRI, *index of relative importance*=47,55%), seguido de peixes teleósteos (% IRI=14,02%), poliquetos (% IRI=2,99%) e crustáceos (1,52%).

Gray et al. (1997). Nun estudo do contido estomacal de 503 exemplares de *Myliobatis californica* capturados na baía de California sinala que os exemplares de menos de 40 cm aliméntanse de ameixas pequenas (% IRI=56,89%), mentres que os de máis de 90 cm se alimentan principalmente de cangrexos (% IRI=21,98%) concluíndo que, a medida que estes peixes aumentan de tamaño, comen presas máis grandes e variadas.

Abundancia e localización en Galicia

A ouxa se captura en Galicia con artes de enmalle (miño, trasmallos, raeiras), arrastre (bou de vara e rastro) e de cerco/arrastre (bou de man ou boliche).

A Unidade de Pesca de Baixura (UTPB) da Consellería do Mar ten realizado un extenso estudo de capturas desta especie no período 1999-2024 (véase "Bibliografía").

Está presente en toda a costa galega pero parecen ser máis abundantes no interior das rías Altas e Baixas.

Visión dos sectores pesqueiro e marisqueiro de Galicia

Ambos sectores teñen constatado a presenza de ouxas sobre os bancos marisqueiros e parques de cultivo de moluscos bivalvos, en particular os barcos de pesca capturan exemplares de ouxas coas súas artes de pesca en zonas interiores das rías. Estes feitos foron corroborados cos estudos realizados polos técnicos da Consellería do Mar, tanto no seguimento da presenza de exemplares nos bancos marisqueiros como no censo de capturas realizado pola UTPB. Esta situación provoca que desde estes sectores primarios da pesca e do marisqueo se demande un plan de control destes depredadores.

Dada a característica de especie protexida segundo a Unión Internacional para a Conservación da Natureza e os Recursos Naturais (IUCN) faise necesario realizar un traballo de seguimento destes cardumes de ouxas. Ademais, cómpre realizar cunha avaliación do impacto que causan sobre os bancos marisqueiros e tratar de establecer unha serie de medidas técnicas que permitan, no seu caso, controlar as poboacións deste peixe e minimizar os danos sobre os recursos marisqueiros.

3. OBXECTIVOS

O proxecto presentado polo CIMA "Estudo preliminar sobre presenza da ouxa (*Myliobatis aquila*) no litoral de Galicia. SOL-OUXA I", foi aprobado (co código PR004A 2024/09) en agosto de 2024, mediante resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, na que se indica que o proxecto desenvolverase principalmente en colaboración co Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR (CETMAR) e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores (FGCP). A encomenda para a participación do CETMAR foi aprobada en outubro de 2024.

Os obxectivos principais deste proxecto son os seguintes:

Obxectivo 1 (O1). Afondar no coñecemento existente sobre a "ouxa", integrando a contribución dos investigadores e técnicos da administración coa experiencia do sector pesqueiro/marisqueiro.

Tarefa 1.1 (T1.1): Constitución e posta en marcha dun grupo de traballo (GT) que actúe como foro de encontro entre investigadores, administración e sector pesqueiro.

Tarefa 1.2 (T1.2): Revisión da literatura (informes e publicacións).

Tarefa 1.3 (T1.3): Identificación de experiencias noutros países.

Obxectivo 2 (O2). Coñecer a percepción do sector sobre esta especie e sobre o seu impacto nos recursos marisqueiros.

Tarefa 2.1 (T2.1): Elaboración das enquisas.

Tarefa 2.2 (T2.2): Seguimento das enquisas e realización de entrevistas.

Tarefa 2.3 (T2.3): Celebración de talleres coas confrarías de mariscadores e pescadores.

Obxectivo 3 (O3). Definición das accións necesarias para abordar esta problemática, xa sexan relativas á xeración de novo coñecemento como ao desenvolvemento de solucións e/ou medidas de protección e prevención.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Tarefa 3.1 (T3.1): Informe de diagnóstico.

Tarefa 3.2 (T3.2): Xornada final.

Obxectivo 4 (O4). Formulación dun proxecto de colaboración entre investigadores, técnicos da administración e do sector pesqueiro/marisqueiro que aborde as accións para realizar no curto e no medio prazo.

Tarefa 4.1 (T4.1): Proxecto de colaboración entre sectores.

Tendo en conta todas as tarefas programadas para realizarse durante todo o período do proxecto (setembro 2024-marzo 2025), e de acordo cos obxectivos establecidos, realizáronse as seguintes actividades (Táboa II):

Táboa II: Grado de realización das tarefas/actividades contempladas no proxecto SOL-OUXA I.

Tarefas/Actividades programadas (para a duración total do proxecto)	Realizada
Obxectivo 1 (O1). Afondar no coñecemento existente sobre a “ouxa”, integrando a contribución dos investigadores e técnicos da administración coa experiencia do sector pesqueiro/marisqueiro.	
Tarefa 1.1 (T1.1): Constitución e posta en marcha do Grupo de Traballo (GT) que actúe como foro de encontro entre investigadores, administración e sector pesqueiro	SI
Tarefa 1.2 (T1.2): Revisión bibliográfica (informes e publicacións)	SI
Tarefa 1.3 (T1.3): Identificación de experiencias en outras áreas xeográficas	SI
Obxectivo 2 (O2). Coñecer a percepción do sector sobre esta especie e sobre o seu impacto nos recursos marisqueiros.	
Tarefa 2.1 (T2.1): Elaboración de enquisas para o sector pesqueiro e marisqueiro	SI
Tarefa 2.2 (T2.2): Entrevistas e reunións co sector	SI
Tarefa 2.3 (T2.3): Celebración de talleres coas confrarías	SI
Obxectivo 3 (O3). Definición das accións necesarias para abordar esta problemática, xa sexan relativas á xeración de novo coñecemento como ao desenvolvemento de solucións e/ou medidas de protección e prevención.	
Tarefa 3.1 (T3.1): Informe de diagnóstico	SI
Tarefa 3.2 (T3.2): Xornada final de presentación de resultados	SI
Obxectivo 4 (O4). Formulación dun proxecto de colaboración entre investigadores, técnicos da administración e do sector pesqueiro/marisqueiro que aborde as posibles accións a realizar no futuro.	
Tarefa 4.1 (T4.1): Proxecto de colaboración entre sectores (bases formulación)	SI

Como se pode comprobar na anterior táboa, das nove tarefas incluídas no proxecto, iniciáronse e/ou se realizaron oito (na tarefa 4.1 está pendente a redacción definitiva do proxecto). Polo tanto, tendo só en conta as actividades totalmente rematadas (oito), a porcentaxe de realización de actividades, con respecto a todas as actividades programadas para a duración total do proxecto,) sería dun 88,88% (8 tarefas de 9). Se incluímos a Tarefa 4.1, non totalmente rematada, a porcentaxe ascende ó 100% (9 tarefas de 9).

A continuación abordaremos, obxectivo por obxectivo, as actuacións realizadas:.

Obxectivo 1 (O1). Afondar no coñecemento existente sobre a “ouxa”, integrando a contribución dos investigadores e técnicos da administración coa experiencia do sector pesqueiro/marisqueiro.

Tarefa 1.1 (T1.1): Constitución e posta en marcha dun grupo de traballo (GT) que actúe

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

como foro de encontro entre investigadores, administración e sector pesqueiro.

Tras varias reunións preparatorias e o establecemento dos contactos oportunos, en outubro de 2024 constituíuse formalmente o **Grupo de Traballo (GT)** do proxecto SOL OUXA I. As once persoas que integran actualmente este GT son as seguintes (Táboa III).

Táboa III: Listaxe de persoas que participan no Grupo de traballo (GT) SOL-OUXA I (actualizado a decembro de 2024).

	Nome	Institución	Correo-e
1	Carlos Gabín Sánchez	Director CIMA	director.cima@xunta.gal
2	Bernardo Fernández Souto	Investigador CIMA	bernardo.fernandez.souto@xunta.gal
3	Francisco Emilio Abella Rey	Investigador CIMA	francisco.emilio.abella.rey@xunta.gal
4	Edgar No Couto	Investigador CIMA	edgar.no.couto@xunta.gal
5	José Manuel Parada Encisa	Investigador CIMA	jose.manuel.parada.encisa@xunta.gal
6	Marisa Fernández Cañamero	CETMAR	mfernandez@cetmar.org
7	José Luis Gómez Gesteira	CETMAR	lgomez@cetmar.org
8	Miguel Salvande Fraga	Unidade Técnica Pesca Baixura (UTPB), DX Desenvolv. Pesqueiro	miguel.salvande.fraga@xunta.gal
9	(Andrea Traveso Lago) Pablo Varela Baños	Federación Galega Confrarías Pescadores (FGCP)	confrariasgalicia@confrariasgalicia.org pablovarela@confrariasgalicia.org
10	José Carlos Mariño Balsa	Confraría Pescadores Cambados	maicarril@gmail.com
11	Julio Valeiras Mota	IEO-Vigo (CSIC)	julio.valeiras@ieo.csic.es

Para chegar a formalizarse a constitución do grupo de traballo (GT) realizáronse, desde o mes de xuño ata finais do ano 2024, varias reunións (preparatorias, de constitución e de coordinación), tanto presenciais como en liña (Táboa IV). Nestas reunións participaron membros do Centro de Investigacións Mariñas de Corón (CIMA), Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), da Administración (Unidade Técnica de Pesca de Baixura, UTPB), confrarías de pescadores e investigadores de outras institucións (Universidade de Vigo e Instituto de Investigacións Mariñas, IIM-CSIC). Para establecer as datas e horas máis propicias para os membros do GT empregouse a ferramenta Doodle.

Táboa IV: Listaxe de reunións preparatorias, de constitución e de coordinación do Grupo de traballo (GT) SOL-OUXA I (actualizado a marzo de 2025).

	Data	Modalidade	Participantes	Duración	Observacións
Ano 2024					
1	Mércores, 19 xuño 2024	Online	Alberto Otero (SubDirecc Investigac). Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). Jose Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA). Emilio Abella (CIMA).	09:30-10:30 h.	Reunión <i>online</i> preliminar
2	Xoves, 4 xullo 2024	Presencial	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Marisa Fernández (CETMAR). Luis Gómez (CETMAR).	9:00-10:30 h.	Reunión presencial preliminar
3	Luns, 15 xullo 2024-	Presencial	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). Jose Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Marisa Fernández (CETMAR). Luis Gómez (CETMAR).	12:00-13:07 h.	Reunión presencial preliminar
4	Luns, 14 outubro 2024	Presencial	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). Jose Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA).	11:00-13:00 h.	Reunión presencial de coordinación de SOL-OUXA I

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

			Emilio Abella (CIMA). Marisa Fernández (CETMAR). Luis Gómez (CETMAR). Elsa Vázquez (UVigo).		
5	Martes, 29 outubro 2024	Presencial	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). Jose Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Marisa Fernández (CETMAR). Luis Gómez (CETMAR). Miguel Salvande (UTPB, DXDesPesq). Andrea Traveso (FGCP). Carlos Mariño (Confraría Cambados). Julio Valeiras (IEO-Vigo).	12:00-14:45 h.	Reunión presencial de lanzamento do GT SOL-OUXA I
6	Luns, 09 decembro 2024	Online	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). Jose Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Luis Gómez (CETMAR). Miguel Salvande (UTPB, DXDesPesq). Carlos Mariño (Confraría Cambados). Julio Valeiras (IEO-Vigo).	12:00-14:00 h.	Reunión <i>online</i> de coordinación de SOL-OUXA I
Ano 2025					
7	Xoves, 16 xaneiro 2025	Presencial	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). José Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Luis Gómez (CETMAR). Miguel Salvande (UTPB, DXDesPesq). Pablo Varela (FGCP). David Villegas (IIM-CSIC).	10:00-12:00 h.	SOL-OUXA I Charla informativa inicial de David Villegas (IIM-CSIC) sobre o proxecto "Belas" (aberta a persoal do CIMA).
8	Venres, 14 febreiro 2025.	Online	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). José Manuel Parada (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Luis Gómez (CETMAR). David Villegas (IIM-CSIC).	09:30-10:30 h	Sondar a posibilidade de colaboración-participación de David Villegas nun futuro proxecto REDEMAR
9	Xoves, 13 marzo 2025.	Online	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). José Manuel Parada (CIMA). Edgar No (CIMA). Marisa Fernández (CETMAR). Luis Gómez (CETMAR).	09:30-11:00 h	Analizar borrador dos Paquetes de Traballo, preparar reunión do luns 17 de marzo e establecer contido xornada final.
10	Luns, 17 marzo 2025.	Online	Carlos Gabín (CIMA). Bernardo Fernández (CIMA). José Manuel Parada (CIMA). Emilio Abella (CIMA). Marisa Fernández (CETMAR). Luis Gómez (CETMAR). Carlos Mariño (Confraría Cambados). Julio Valeiras (IEO-Vigo). Nais Vilas Arrondo (IEO-Vigo).	12:00-13:10 h	Deseño preliminar posibles participacións futuro proxecto.

O número de reunións planificadas para a duración total do proxecto (7 meses) era de sete, concretamente

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

catro reunións presenciais e tres reunións en liña. No ano 2024, desde o mes de outubro (tras a aprobación definitiva do proxecto) realizáronse 3 reunións (dúas presenciais e unha en liña) e no ano 2025 realizáronse 4 reunións (unha presencial e tres en liña) polo que a porcentaxe de reunións celebradas, con respecto ao total de reunións programadas para todo o proxecto, é do 100% (7 de 7). Todo isto sen contar as 3 reunións preparatorias que se celebraron en xuño e xullo de 2024, antes da aprobación definitiva do proxecto, xa que se se contan o número total de reunións realizadas sería de 10, tres máis das programadas.

En xuño e xullo de 2024 realizáronse varias reunións preparatorias (unha en liña e dúas presenciais), ata que o 14 de outubro de 2024 realizouse no CIMA unha reunión presencial de coordinación CIMA/CETMAR e que contou coa investigadora Elsa Vázquez (Universidade de Vigo) como invitada. O seu principal obxectivo foi revisar o plan de traballo, as propostas de actuación que se recollían nos obxectivos e tarefas descritas na solicitude do proxecto, poñer en marcha aquelas que deberían comezar a curto e medio prazo e valorar posibles colaboracións coa Universidade de Vigo.

A segunda reunión presencial celebrada no mes de outubro de 2024 (29 outubro) permitiu o lanzamento "oficial" do Grupo de Traballo (GT) conformado dentro do proxecto, que se estableceu coma un foro de encontro entre investigadores, administración e sector pesqueiro para profundar no coñecemento existente a nivel de Galicia sobre as ouxas e a súa depredación nos bancos marisqueiros.

Este GT mantivo outra reunión posterior (9 de decembro de 2024), neste caso en liña, na que se continuaron as tarefas de coordinación do traballo. A seguinte reunión planificouse para xaneiro de 2025, en formato presencial.

Para definir os membros do GT, desde o CIMA e CETMAR contactouse con varias institucións científicas galegas no campo dos estudos de bioloxía e ecoloxía mariña para explicarlles desde o CIMA/CETMAR o proxecto e indagar sobre o seu posible interese en participar no GT. Así, contactouse con Elsa Vázquez Otero da Universidade de Vigo (UVigo), con Alexandre Alonso Fernández e David Villegas Ríos do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC) e con Xulio Valeiras Mota do centro costeiro de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC). Como resultado do establecemento destes contactos produciuse a participación de Elsa Vázquez na reunión presencial do 14 de outubro e o ofrecemento de David Villegas Ríos (IIM-CSIC) para dar unha conferencia/charla informativa no CIMA sobre o proxecto "Belas" (<https://www.belasproject.com/>). Froito dos contactos establecidos hai que destacar a participación no GT de Xulio Valeiras Mota, investigador do Instituto Español de Oceanografía (IEO-Vigo).

Sinalar que o venres 8 de novembro de 2024 un dos compoñentes do GT do CIMA asistiu, na casa do concello de Cangas, a unha charla informativa que sobre o proxecto "Belas" impartiu David Villegas, o que permitiu valorar positivamente as posibilidades de aplicación dalgunhas das técnicas presentadas para, no seu caso, poder ser aplicadas no estudo da bioloxía e comportamento das ouxas nas rías galegas. Dado o interese do tema, e a súa posible aplicación ó estudo das ouxas nas rías galegas, concertouse que David Villegas acudise ó CIMA a impartir ó resto dos membros do GT unha charla sobre o proxecto "Belas" que está a desenvolver na ría de Vigo. O proxecto Belas ten como principal obxectivo coñecer a distribución e o comportamento das quenllas e raias na Ría de Vigo mediante o seu marcaxe e seguimento utilizando fotografía submariña e técnicas de telemetría acústica que implican a utilización de emisores electrónicos internos e o uso de receptores acústicos (hidrófonos).

O xoves 16 de xaneiro de 2025, celebrouse no Salón de Actos do CIMA, unha charla informativa do investigador David Villegas Ríos do IIM-CSIC sobre o proxecto "Belas". A charla fíxose coincidir co primeiro tramo da primeira reunión presencial do GT do ano 2025 e, polo seu potencial interese, considerouse oportuno facela aberta ao público en xeral, podendo asistir á mesma o persoal do CIMA que así o desexase.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro



Fig. 4. David Villegas (IIM-CSIC) impartindo no Salón de Actos do CIMA unha charla sobre o proxecto “Belas”.

Na seguinte táboa (Táboa V) relaciónanse as persoas de entidades/institucións coas que se contactaron no marco da planificación e desenvolvemento do proxecto, aparte dos equipos formados no CIMA e CETMAR. Das once persoas contactadas, catro son investigadores de outras institucións (Elsa Vázquez da Universidade de Vigo, Alexandre Alonso e David Villegas do IIM-CSIC e Xulio Valeiras do IEO-CSIC):

Táboa V: Listaxe coas persoas contactadas e colaboracións establecidas relacionadas coa planificación e desenvolvemento da acción de investigación.

Persoa	Entidade/Institución	Observacións
Elsa Vázquez Otero	Universidade Vigo (UVigo)	Asistiu á reunión presencial do 14 outubro de 2024
Alexandre Alonso Fernández	Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC)	
David Villegas Río	Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC)	Impartiu unha charla e asistiu á reunión presencial do 16 de xaneiro de 2025 e a reunión on-line do 14 de febreiro de 2025.
Xulio Valeiras Mota	Instituto Español de Oceanografía-Vigo (IEO-CSIC)	GT
Nais Vilas Arrondo	Instituto Español de Oceanografía-Vigo (IEO-CSIC)	Asistiu á reunión on-line do 17 marzo de 2025
Miguel Salvande Fraga	Unidade Técnica Pesca Baixura (UTPB), Dirección Xeral Desenvolvemento Pesqueiro.	GT
Andrea Traveso Lago	Federación Galega Confrarías Pescadores (FGCP)	GT
Pablo Varela Baños	Federación Galega Confrarías Pescadores (FGCP)	GT
José Carlos Mariño Balsa	Asistencia técnica da confraría de Cambados	GT
Patricia Méndez Pérez	Servizo de Planificación. Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico. D.X. Desenvolvemento Pesqueiro	Informes UTPB sobre ouxas. Asinados por Fernando Quintero Fernández, Jorge Ribo Landín e Miguel Salvande Fraga.
Ana Rivas Xosé Luis Villanueva Vicente	Organización de Productores Pesqueros Parquistas de Carril (OPP89)	Informes de actividade 2022 e 2023.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Das once persoas contactadas, pasaron a formar parte do GT as cinco persoas que se indican na anterior táboa coas siglas GT no apartado de observacións, concretamente Xulio Valeiras (IEO-CSIC), Miguel Salvande (UTPB), Andrea Traveso e, posteriormente, Pablo Varela (FGCP) e José Carlos Mariño (Confraría de Cambados).

Ferramentas colaborativas do GT

Con respecto ás ferramentas colaborativas utilizadas polo GT, indicar que desenvolveuse inicialmente desde o CIMA un espazo para compartir diversa documentación (bibliografía, arquivos multimedia, etc.) a través dun espazo creado en Amtegabox que se denominou "AMTEGABOX_OUXA" (Fig. 4).

☐	Nome	Tamaño
☐	(Informes OUXA-Consellería Mar)_CONFIDENCIAL	8,5 MB
☐	BIBLIOUXA_Bibliografía OUXA	20,7 MB
☐	Lexislación OUXA	7,8 MB
☐	Mapas distribución OUXAS	1,4 MB
☐	Multimedia OUXA	264,5 MB
☐	Noticias OUXA_La Voz de Galicia	899 KB
☐	_Lista de contidos BIBLIOUXA v11.txt	5 KB
6 carpetas y 1 archivo		303,7 MB

Figura 4. Captura de pantalla do espazo "AMTEGABOX_OUXA" creado inicialmente para compartir documentación do GT.

Posteriormente, para facilitar un acceso máis doado a tódolos membros do GT, o CETMAR desenvolveu un espazo colaborativo empregando Google Drive (GD). Todos os membros do GT teñen acceso con credenciais de administrador para acceder, editar e subir os documentos que se comparten de forma colaborativa. A estrutura dos cartafolios correspóndese cos obxectivos do proxecto (Fig. 5) e adicionalmente existe un espazo onde se recompila a información xerada nas reunións e outro para subir información gráfica (fotos e vídeos).



Figura 5. Captura de pantalla do espazo en Google Drive (GD) "Proxecto SOL-OUXA I" creado para compartir documentación do GT.

Axendas, presentacións e actas das reunións

O CETMAR foi o encargado de redactar as axendas provisionais para as reunións anteriormente referidas. Tamén elaborou as presentacións PowerPoint e as actas das mesmas, que se incluíron e compartiron co resto do GT no cartafol de Google Drive destinado para as reunións (Fig. 6).



Figura 6: Captura de pantalla do espazo en Google Drive (GD) creado para o almacenamento das actas e presentacións PowerPoint utilizadas nas reunións do GT.

Tarefa 1.2 (T1.2): Revisión da literatura (informes e publicacións).

Inicialmente, desde o CIMA creouse, dentro do espazo AMTEGABOX_OUXA, un directorio de recompilación de bibliografía ("BIBLIOUXA_Bibliografía OUXA") no que se empezaron a engadir publicacións científicas sobre a bioloxía, ecoloxía e etoloxía das ouxas (Fig. 7).





Figura 7: Captura de pantalla do espazo inicialmente creado en AMTEGABOX_OUXA para compartir a bibliografía sobre a ouxa (BIBLIOUXA).

Posteriormente, dende o CETMAR, creouse un espazo no repositorio bibliográfico ZOTERO (Fig. 8) cun "usuario (OXA) e *password*" propio do proxecto, o que permite acceder ás referencias bibliográficas ós membros do GT que non tivesen conta neste repositorio,. Ademais, realizouse unha invitación a un grupo específico do proxecto para os que xa dispuxesen de conta. Co deseño deste espazo colaborativo, facilitouse a inclusión neste repositorio de referencias bibliográficas de interese para o desenvolvemento do proxecto. No **Anexo I** se inclúen as referencias das citas bibliográficas aloxadas en Zotero (40 artigos científicos e informes).

Realizouse unha homoxenización do formato de todas as referencias bibliográficas e tamén engadíronse os correspondentes PDF cos traballos completos, de xeito que estiveran a disposición dos membros do GT. Estas referencias preparáronse para que finalmente, como parte da información xerada polo proxecto, se poidan consultar nun formato ficha. As "Fichas bibliográficas" inclúen campos de información como título, autores, ano de publicación, código DOI e/ou enlace, resumo, etc. As "Fichas Bibliográficas" inclúense no **Anexo II**.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro



The screenshot shows the Zotero web library interface. On the left, there is a sidebar with 'My Library' and 'BIBLIO_OUXA' folders. The main area displays a list of 40 bibliographic entries. Each entry includes a title, creator, and date. The entries are sorted by date, with the most recent at the top. The titles are truncated, but they generally relate to the biology, ecology, and conservation of Myliobatis aquila and Dasyatis pastinaca. The creators listed include various researchers and institutions. The dates range from 1976 to 2024.

Title	Creator	Date
A case of hermaphroditism in the common eagle ray <i>Myliobatis aquila</i> (Chondrichthyes: Myliobatidae), reported from the Tunisian coast (...)	Rafrafi-Nouira et al.	2017
A Comparative Analysis of Feeding and Trophic Level Ecology in Stingrays (Rajiformes: Myliobatoidei) and Electric Rays (Rajiformes: Torpediniformes)	Jacobsen and Bennett	2013
A global synthesis of predation on bivalves	Meira et al.	2024
Age, growth, reproduction and food of common stingray (<i>Dasyatis pastinaca</i> L., 1758) in Iskenderun Bay, the eastern Mediterranean	Isimen	2003
Biological Aspects of Juveniles of the Common Stingray, <i>Dasyatis pastinaca</i> (Linnaeus, 1758) (Elasmobranchii, Dasyatidae), from the Centr...	Tiralongo et al.	2020
Biological assessment of common eagle ray, <i>Myliobatis aquila</i> (Linnaeus, 1758) from the Northeastern Mediterranean (Saros Bay), Türkiye	Özten et al.	2024
Biology of <i>Myliobatis goodei</i> (Springer, 1939), a widely distributed eagle ray, caught in northern Patagonia	Molina and Lopez Cazorla	2015
Buried in the sand: Uncovering the ecological roles and importance of rays	Flowers et al.	2021
Bycatch of Myliobatid Rays in the Central Mediterranean Sea: the Influence of Spatiotemporal, Environmental, and Operational Factors as ...	La Mesa et al.	2016
Diet and feeding strategy of the common stingray <i>Dasyatis pastinaca</i> (Linnaeus, 1758) on the Turkish coast of southeastern Black Sea	Saglam et al.	2010
Diet composition of the eagle ray, <i>Myliobatis aquila</i> (Chondrichthyes: Myliobatidae), in the eastern Adriatic Sea	Jardas et al.	2004
Diet of <i>Dasyatis pastinaca</i> and <i>Myliobatis aquila</i> (Myliobatiformes) from the Azores, NE Atlantic	Ponte et al.	2016
Differences in the occurrence and abundance of batoids across an oceanic archipelago using complementary data sources: Implications f...	Tuya et al.	2021
Do stingray feeding pits enhance intertidal macrobenthic biodiversity?	Barnes and Cottrell	2024
Elasmobranch bycatch in the Italian Adriatic pelagic trawl fishery	Bonanomi et al.	2018
Estimating the Potential Impacts of Large Mesopredators on Benthic Resources: Integrative Assessment of Spotted Eagle Ray Foraging Ec...	Ajemian et al.	2012
Etude du regime alimentaire de l'Aigle de mer, <i>Myliobatis aquila</i> (L., 1758) des cotes tunisiennes	Capape	1976
Feeding ecology of demersal elasmobranchs from the shelf and slope off the Balearic Sea (western Mediterranean)	Valls et al.	2011
Food habits, occurrence, and population structure of the bat ray, <i>Myliobatis californica</i> , in Humboldt Bay, California	Gray et al.	1997
<i>Myliobatis aquila</i> -Common Eagle Ray. The IUCN Red List of Threatened Species 2021	Jabado et al.	2021
Nonlinear foraging response of a large marine predator to benthic prey: eagle ray pits and bivalves in a New Zealand sandflat	Hines et al.	1997
Population characteristics, habitat and diet of a recently discovered stingray <i>Dasyatis marianae</i> : Implications for conservation	Costa et al.	2015
Reproductive biology of the common eagle ray, <i>Myliobatis aquila</i> (Chondrichthyes: Myliobatidae) from the coast of Languedoc (Southern ...	Capapé et al.	2007
Reproductive biology of the common stingray <i>Dasyatis pastinaca</i> (Linnaeus, 1758) off the Gulf of Gabès (Central Mediterranean Sea)	Saadoui and Béchir Saidi	2015
Seasonal variation in space use and residency of the southern eagle ray <i>Myliobatis tenuicaudatus</i> in a temperate ecosystem	Davey J et al.	2023
Site-specific and density-dependent extinction of prey by schooling rays: generation of a population sink in top-quality habitat for bay sc...	Peterson et al.	2001
Summer aggregation of common eagle ray, <i>Myliobatis aquila</i> (Chondrichthyes: Myliobatidae), in the Marine Protected Area of the Egadi I...	Grancagnolo and Arculeo	2021
Summer aggregations of the common eagle ray, <i>Myliobatis aquila</i>	Afonso and Rodrigues	2015
Testing staining techniques to determine age and growth of <i>Dasyatis pastinaca</i> (Linnaeus, 1758) captured in Iskenderun Bay, northeastern...	Girgin and Başusta	2016
The ecology of ray species in an urbanised estuary: seasonality, habitat use and pollutant exposure in Tauranga Harbour.	Cadwallader	2020
The influence of turbidity on juvenile marine fish in the estuaries of Natal, South africa	Cyrus and Blaber	1987
Trophic ecology of sharks and rays in exploited ecosystems of northwestern Mediterranean	Barria Oyarzo	2017
Trophic interactions of uncommon batoid species in the Sea of Marmara – Journal of the Black Sea / Mediterranean Environment	Gül and Demirel	2020
Unravelling the ecological role and trophic relationships of uncommon and threatened elasmobranchs in the western Mediterranean Sea	Barria et al.	2015

Figura 8: Captura de pantalla do directorio BIBLIO_OUXA no espazo para compartir bibliografía en Zotero, con 40 artigos e informes (marzo de 2024).

<https://www.zotero.org/groups/5787603/ouxas?token=k99me2j6sj9b1j6o4q8pt1lh1pz9w0o4dxnyc7vb>

Unha mención especial merece a achega de bibliografía (informes, documentos, etc) solicitada á Administración (Unidade Técnica de Pesca de Baixura, Consellería do Mar) e a diferentes organismos do sector pesqueiro/marisqueiro (confrarías, parquistas) xa que a información achegada procede directamente de persoas que teñen un profundo coñecemento do medio mariño e dos seus recursos. Desde o GT non queremos deixar pasar a oportunidade de volverlles a agradecer, de novo, a súa colaboración.

Bibliografía achegada pola Administración (UTPB-Consellería do Mar) e polo propio sector (confrarías, parquistas)

- "Informe INF/UTPB/24/S051 sobre a distribución das capturas do chucho (*Myliobatis aquila*) en Galicia". 2024. Fernando Quintero Fernández e Jorge Ribo Landín.
- Documento Excel UTPB avistamentos ouxas. 2024: Datos das capturas 1999-2024 de ouxa realizadas pola UTPB desglosados por ría, ano e mes. Nome do arquivo: "Capturas 1999-2014_Rías_Myliobatis aquila 08-07-2024.xlsb". Patricia Méndez Pérez (Servizo de Planificación. Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico. Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro). (Fig. 9)
- "Informe INF/UTPB/24/S0xx sobre a distribución das capturas de *Dasyatis pastinaca* pola frota de baixura en Galicia". 2024. Fernando Quintero Fernández e Miguel Salvande Fraga. Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB).

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

- “Informe sobre autorización de calado de raeiras na zona marisqueira de Carril e desembocadura do río Ulla para captura de ouxa, *Myliobatis aquila*, solicitado pola Confraría de Pescadores de Carril”. 2001. Ricardo Arnáiz Ibarrondo.
- Informe da actividade “Identificación y registro de depredadores y especies invasoras que afectan a la producción de los parques de Carril (202289S3M02)”. 2023. Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril (OPP89 Parquistas de Carril) e Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Informe da actividade “Determinación de la fase de cultivo sobre la que actúan los depredadores que afectan a la producción de los parques de Carril (202389S3M01)”. 2023. Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril (OPP89 Parquistas de Carril) e Universidade de Santiago de Compostela (USC).




Figura 9. Datos de captura de ouxa durante o período 1999-2024 incluídos nun documento (folla de cálculo Microsoft Excel) remitido pola Unidade Técnica de Pesca de Baixura (UTPB).

Tarefa 1.3 (T1.3): Identificación de experiencias noutros países.

A literatura científica e información dispoñible procedente de países e áreas xeográficas onde estas especies de raias se consumen de xeito tradicional, así coma os centros de investigación que desenvolven estudos relacionados con estas especies de peixes, se recopiló coma un dos resultados desta tarefa.

Tras unha revisión dos artigos científicos que poderíamos considerar como máis relevantes publicados nos últimos dez anos, elaborouse unha listaxe (Táboa VI) con algunhas institucións que desenvolveron traballos sobre bioloxía, ecoloxía e etoloxía das ouxas. Nesta listaxe tamén se inclúe o nome dos autores como posibles contactos na procura futura de información sobre o traballo que se está a levar a cabo con esta especie. Prevese seguir ampliando esta listaxe nos vindeiros meses.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Táboa VI: Listaxe de centros de investigación (fóra de España) que desenvolven estudos relacionados coa bioloxía, ecoloxía e etoloxía da especie *Myliobatis aquila*.

INSTITUCIÓN	Posible/s persoa/s de contacto
PORTUGAL	
Instituto Açoriano de Cultura (Illas Azores)	Barreiros, J.P., & Gadig, O.B.F
FRANCIA	
Universidade de Montpellier	Capapé, C.
ITALIA	
Universidade de Bari	Sion, L
Instituto de Ciencias do Mar	La Mesa, G
CROACIA	
Institute of Oceanography and Fisheries	Dulčić, A.
GRECIA	
Hellenic Centre for Marine Research	Papaconstantinou, C
Aristotle University of Thessaloniki	Kallianiotis, A
TURQUÍA	
Universidade de Estambul	Keskin, Ç
Universidade Técnica de Estambul	Gül, G., & Demirel, N
TÚNEZ	
Universidade de Gabes	Kadri, H.

Obxectivo 2 (02). Coñecer a percepción do sector pesqueiro e marisqueiro sobre estas especies e o seu impacto sobre os bivalvos comerciais.

Tarefa 2.1 (T2.1): Elaboración das enquisas.

Nesta tarefa realizáronse inicialmente dous borradores de formularios (enquisas), un dirixido ao sector da pesca e outro ao sector do marisqueo, que se circularon entre os membros do GT para acadar deste xeito, coas súas achegas, as versións definitivas. As enquisas trasladáronse a un formato *Google Forms*, o que posibilitou que se puidesen compartir en liña. Dende o CETMAR se estableceron os contactos coa Federación Galega de Confraría de Pescadores (FGCP), para que este organismo puidese centralizar a achega das enquisas ás confrarías de Galicia, primeiro a través das direccións de correo corporativas e, nunha segunda quenda, contactando directamente coas asistencias técnicas das confrarías.

O contido das enquisas, tanto para o sector da Pesca como para o sector do Marisqueo, coas preguntas concretas que se formularon, expónse no **Anexo III** (Pesca) e no **Anexo IV** (Marisqueo), ó final deste documento.

Con respecto ó sector da pesca recibíronse 17 respostas de 6 confrarías (Burela, Malpica, Muros, Carril, Cambados e Aldán-Hío) e no sector do marisqueo recibíronse 52 respostas de 10 confrarías (Noia, Rianxo, Carril, Vilaxoán, Vilanova de Arousa, Cambados, Illa de Arousa, Aldán-Hío, Vilaboa e Arcade).

Tarefa 2.2 (T2.2): Seguimento das enquisas e realización de entrevistas.

As respostas ás **enquisas** se recompilaron e analizaron. Para iso, desde Google Forms se xeró un ficheiro Excel que incluía todas as respostas (Fig. 10) e compartiuse cos membros do

GT para que, desde xeito tiveran acceso ás respostas individualizadas das enquisas. Finalmente, compartiuse cos membros do GT un resumo das respostas, no que se está a destacar aquela información que se considera máis importante para o desenvolvemento do proxecto.




Figura 10. Directorio de “Respostas” ás enquisas no espazo GD.

Como **resumo** das respostas ás enquisas dadas polo sector da **pesca** podemos destacar:

- Non hai un acordo claro sobre o incremento da súa presenza nos últimos anos.
- Non existe acordo sobre unha maior presenza nos meses mais cálidos.
- As ouxas obsérvanse tanto en grupos coma individuos sos.
- Péscanse esporadicamente, de xeito accidental.
- As veces recóllense un número elevado de individuos.
- É unha especie que require un manexo coidadoso pola presenza dos aguillóns velenosos (uso de luvas e, en ocasións, se lle corta o/os aguillón antes de desenmallalos).

Como **resumo** das respostas ás enquisas dadas polo sector do **marisqueo** podemos destacar:

- As confrarías do sur de Galicia indican unha maior presenza das ouxas xa que son nas que existe unha maior actividade marisqueira.
- Algúns enquisados indican unha maior presenza nos meses de verán e primavera.
- Presentan unha depredación preferente por diferentes tipos de especies de moluscos, dependendo en moitos casos dos recursos da confraría.
- Os principais signos da súa presenza son as pegadas e, en menor medida, os restos de cunchas.
- O problema vense detectando alo menos dende fai 15 ou 20 anos. Algúns enquisados consideran que houbo un incremento nos 5 (ou menos) últimos anos.
- Na maioría dos casos non existen medidas de protección aínda que tamén se fala de métodos tradicionais disuasorios como poñer grupos de botellas que se golpeen entre elas debido ó movemento das correntes de auga, de xeito que o son que se xera “espante” ás ouxas, a modo de “repelente acústico”. Tamén indícase outro método de protección que consiste en poñer estacas verticais nos bancos marisqueiros para que non poidan pasar as ouxas, a modo de “barreira física”.
- Algúns entrevistados solicitan poder facer “batidas” no verán e poder pescalas con redes con redes dun só pano coma as raeiras.

Entrevistas:

Ademais das enquisas, na T2.2, abórdouse tamén a realización de **entrevistas** con aquelas confrarías ou asociacións de mariscadores que historicamente manifestasen problemas nos seus bancos causados por estas especies de raías.

O persoal de CETMAR mantivo reunións con persoal de seis confrarías, concretamente co Patrón Maior de Carril, co persoal técnico e dous traballadores da confraría de Raxó (Ría de Pontevedra) e co persoal técnico das confrarías de pescadores do fondo da ría de Vigo (Arcade, Vilaboa e Redondela), da asociación de marisqueo a flote da Ría de Vigo e da Confraría de Rianxo.. Fixéronse os informes pertinentes de todas estas reunión e subíronse ao cartafol correspondente da T2.2 que se comparte no Google Drive (Fig. 11).



Figura 11. Directorio de "Entrevistas" no espazo GD.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Tarefa 2.3 (T2.3): Celebración de talleres coas confrarías de mariscadores e pescadores.

Ás 17:00 h. do venres 21 de febreiro de 2025 celebrouse en Arcade (Soutomaior), no local da Federación Provincial de Pontevedra de Confrarías de Pescadores, unha **xornada sobre o Proxecto SOL-OUXA I** con representantes das confrarías de Pescadores e de Mariscadores. Ó acto acudiu un total de **37 persoas** e

contou coa presenza de Marta Villaverde (directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro), Carlos Gabín (Director do CIMA), Bernardo Fernández (investigador do CIMA), Marisa Fernández e José Luis Gómez (Fundación CETMAR), dous (2) representantes da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra (FPCPP), tres (3) representantes da Federación Galega de Confrarías de Pescadores (FGCP) e mariñeiros/as e mariscadores/as de diferentes confrarías de Pescadores de Galicia (27 asistentes).

O número total de confrarías representadas foi de trece (13), nove (9) da provincia de Pontevedra e catro (4) de A Coruña (A Pobra do Caramiñal, Aguiño, Cabo de Cruz e Rianxo), ademais de persoal da Asociación de Marisqueo a Flote da Ría de Vigo e a lonxa de Campelo.

Os participantes nas xornadas

Los batoideos, distribuidos desde aguas poco profundas hasta profundidades abisales, son considerablemente vulnerables a las amenazas antropogénicas. Sin embargo, las deficiencias de datos sobre los patrones de distribución de los batoideos suponen un reto para su gestión y conservación efectivas. En este estudio, aprovechamos la particular configuración geológica y geomorfológica de las Islas Canarias, a través de un gradiente de este a oeste en el Océano Atlántico oriental, para evaluar si los patrones de presencia y abundancia de batoideos variaban entre grupos de islas (occidentales, centrales y orientales). Se recogieron datos de aguas poco profundas (<40 m, mediante recuentos visuales submarinos y por un programa científico comunitario local) y profundas (60-700 m, mediante despliegues de ROV). Se registraron once especies de batoideos, evaluadas por la Lista Roja de Especies Amenazadas de la UICN, entre ellas tres "En peligro crítico" (*Aetomylaeus bovinus*, *Dipturus batis* y *Myliobatis Aquila*), tres "En peligro" (*Gymnura altavela*, *Mobula mobular* y *Rostoraja alba*), dos "Vulnerables" (*Dasyatis pastinaca* y *Raja maderenseis*) y dos "Datos insuficientes" (*Taeniurops grabata* y *Torpedo marmorata*). También se observó una especie de "Preocupación Menor" (*Bathytoshia lata*). En general, los batoideos fueron ~1 a 2 órdenes de magnitud más abundantes en las islas centrales y orientales que en las occidentales. Este patrón fue consistente entre las tres fuentes de datos y tanto para aguas someras como profundas. Por lo tanto, este estudio muestra diferencias en la abundancia de batoideos en un archipiélago oceánico, probablemente relacionadas con la variación de la superficie de la plataforma insular, la disponibilidad de hábitats y la proximidad a la cercana masa continental (africana). La gran variación en las abundancias poblacionales entre islas sugiere que es poco probable que las estrategias de gestión de "todo" un archipiélago proporcionen una conservación adecuada. En su lugar, los planes de gestión deberían ajustarse individualmente para cada isla y complementarse con una investigación centrada en colmar las lagunas de datos sobre el uso espacial y los movimientos de estas especies emblemáticas.

Palabras clave: Océano Atlántico, condriictios, elasmobranquios, biogeografía insular, macroecología, rayas

<https://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1002/ece3.8290>

▪ Girgin, H., and N. Başusta. **"Testing Staining Techniques to Determine Age and Growth of *Dasyatis Pastinaca* (Linnaeus, 1758) Captured in Iskenderun Bay, Northeastern Mediterranean."** Journal of Applied Ichthyology 32, no. 3 (2016): 595–601.

Este estudio puso a prueba la idoneidad de varios métodos de tinción para determinar la edad de la raya común (*Dasyatis pastinaca*) de la bahía de Iskenderun, Turquía. Un total de 384 especímenes (16,6 cm-69,3 cm de ancho de disco) se obtuvieron mediante arrastre entre septiembre de 2010 y diciembre de 2011. La proporción de sexos de las muestras fue de 53% machos y 47% hembras. La determinación adecuada de la edad se demostró en primer lugar mediante tinción con Safranin-O. Las lecturas de la edad fueron realizadas por dos lectores independientes y el índice de error porcentual medio (IAPE) se determinó en un 6,3% para la Safranina-O, un 6,8% para el Violeta de Cristal, un 7,9% para el Azul Alcían y un 9,3% para el Nitrato de Plata. Los métodos de tinción con Safranin-O y Violeta de Cristal proporcionaron los mejores resultados. La formación temporal de anillos de crecimiento se verificó mediante el análisis del incremento marginal. Las relaciones entre la anchura y el peso del disco se determinaron mediante $W = 0,0272 \cdot DW^{3,06}$ para las hembras y $W = 0,0247 \cdot DW^{3,08}$ para los machos. Las estimaciones de los parámetros de crecimiento de von Bertalanffy indicaron una mayor anchura asintótica del disco ($DW_{\infty} = 127,06$ cm) para las hembras que para los machos ($DW_{\infty} = 114,54$ cm); los parámetros de crecimiento fueron $k = 0,058$ año⁻¹, $a = -1,508$ y $k = 0,041$ año⁻¹, $a = -3,632$ para hembras y machos, respectivamente.

<https://onlinelibrary.wiley.com/doi/abs/10.1111/jai.13077>.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

- Cyrus, D. P., and S. J. M. Blaber. **"The Influence of Turbidity on Juvenile Marine Fish in the Estuaries of Natal, South Africa."** Continental Shelf Research 7, no. 11. Dynamics of Turbid Coastal Environments (1987): 1411–1416.

Los resultados de estudios de campo en estuarios de Natal muestran que la distribución de peces marinos juveniles está influida por la turbidez. Los estudios de laboratorio sobre la preferencia por la turbidez, excluyendo otras variables, mostraron una buena correlación con los datos de campo para ocho de las diez especies analizadas. La importancia de la turbidez y otros factores para los peces juveniles se analiza en relación con el papel que desempeñan los estuarios como zonas de cría para los juveniles de numerosas especies marinas.

Results from field studies in Natal estuaries show that the distribution of juvenile marine fish is influenced by turbidity. Laboratory studies on turbidity preference, with other variables excluded, showed good correlation with the field data for eight of ten species tested. The importance of turbidity and other factors to juvenile fish is discussed in relation to the role which estuaries play as nursery areas for juveniles of numerous marine species.

<https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/027843438790046X>.

8a. ANEXO III. Enquisa PESCA



Proxecto SOL-OUXA. PESCA

Enquisa dirixida ao sector pesqueiro galego para recadar información sobre a presenza das as ouxas nas súas artes de pesca.

**No caso que vostede o desexe a enquisa pode ser totalmente anónima, non cubra o apartado "nome e apelidos".*

[Iniciar sesión en Google](#) para gardar o que levas feito. Máis información

Confraría

Nome e Apelidos

Traballo ou cargo que desenvolve na confraría

Data na que cubriu a enquisa

-En relación a súa actividade pesqueira, por favor indique:

Atopa individuos das especies coñecidas coma ouxas nas súas artes de pesca?

Si

Non

-Das dúas especies que se coñecen co nome común de *Ouxas* ou *Chuchos*, ¿podería indicar cal delas é a que afecta aos seus bancos marisqueiros?.

Se fosen ambas, marque as dúas opcións. (Fonte: <http://www.ictieterm.es/>. Foto: A. M. Arias – 2007)



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

-Tamaño da embarcación dende a que realiza a súa actividade pesqueira, de acordo coa clasificación establecida en categorías no artigo 7 do Decreto 15/2011

Tipo I

Tipo II

Tipo III

Tipo IV

Tipo V

Tipo VI

Tipo VII

-Especifique, se é posible, o tipo de artes de pesca que emprega nas que aparecen individuos de ouxa.

Tramallos

Miños

Bou de vara

Bou de man ou rapeta

Rastro de vieira ou volandeira

Bolicho ou chinchorro

Vetas

Raeira

Nasa voitirón

Palangrillo

Outro:

-Especifique, se é posible, os caladoiros de pesca nos que normalmente atopa ouxas nas súas artes de pesca.

-Normalmente atopa nas súas artes de pesca individuos sós ou grupos deles?.

Sós

Grupos

Os dous casos

-Especifique, si é posible, a cantidade media por lance que atopa

-Existe algunha época do ano na que sexa máis frecuente atopar ouxas nas súas artes de pesca?. Se é así, por favor indique a(s) época(s).

Verano

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Primavera

Outono

Inverno

-Se coñece os meses concretos, por favor indíqueo:

-Especifique, se é posible, o tamaño aproximado (de punta a punta das ás) dos individuos de ouxa que normalmente captura nas súas artes de pesca.

-Pensa que nos últimos anos ten habido un incremento de ouxas nas zonas en que faena?. De seres así, podería indicar dende cando aproximadamente ven constatando este feito?.

-Tendo en conta a presenza de aguillón/s venenoso/s cos que conta esta especie, ¿leva a cabo algún tipo de manexo específico cando atopa individuos nos seus aparellos de pesca?.



8b. ANEXO IV. Enquisa MARISQUEO



Proxecto SOL-OUXA. MARISQUEO

Enquisa para recadar información do sector marisqueiro sobre a presenza das Ouxas nos bancos marisqueiros e a súa posible afección sobre o recurso.

**No caso que vostede o desexe a enquisa pode ser totalmente anónima, non cubra o apartado "nome e apelidos"*

[Iniciar sesión en Google](#) para gardar o que levas feito. Máis información

Confraría

Nome e apelidos

Traballo ou cargo que desenvolve na confraría:

Data na que cubriu a enquisa

PARTE A

-Das dúas especies que se coñecen co nome común de *Ouxas* ou *Chuchos*, podería indicar cal delas é a que afecta aos seus bancos marisqueiros?.



-Especies de bivalvos afectados:

Ameixa fina

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6) – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Ameixa babosa

Ameixa xaponesa

Ameixa rubia

Berberecho

En caso de que a especie ou especies afectadas non se atopen na lista anterior, indiqueo na opción "outra"

Outro:

-Indique, se as ouxas teñen preferencia por algunhas especies de bivalvos ou tallas determinadas.

-Considera que existe algunha/s época/s no ano nas que detecta unha maior presenza e impacto das ouxas nos seu bancos marisqueiros?.

Verán

Primavera

Outono

Inverno

Se coñece os meses concretos, por favor indíqueo:

-Con que frecuencia avista ouxas nos bancos marisqueiros nos que traballa?

Case todos os días durante o verán

Case todos os días durante a primavera

Case todos os días durante o outono

Case todos os días durante o inverno

Case cada semana durante o verán

Case cada semana durante a primavera

Case cada semana durante o outono

Case cada semana durante o inverno

Unha vez o mes durante o verán

Unha vez o mes durante a primavera

Unha vez o mes durante o outono

Unha vez o mes durante o inverno

Unha vez no verán

Unha vez na primavera

Unha vez no outono

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Unha vez no inverno

Unha vez o ano

Outro:

-Normalmente atopa nos seus bancos marisqueiros individuos de ouxa sós ou en grupos?.

Sós

Grupos

Ámbalas dúas

-Podería indicar cales son os bancos marisqueiros nos que se avistan ou se detectan signos da presenza de ouxas?.

-Cales son as principais signos da presenza das ouxas nos seus bancos marisqueiros? ¿Como as diferencia dos efectos causados por outras especies ou da acción de outros axentes?.

Marcas no sedimento

Restos de bivalvos mortos

Outro:

-Como as diferencia dos efectos causados por outras especies ou da acción de outros axentes?.

-Pensa que nos últimos anos ten habido un incremento de ouxas no ámbito dos bancos marisqueiros nos que traballa?. De ser así, ¿podería indicar dende cando aproximadamente ven constatando este feito?.

PARTE B

-No ámbito da súa confraría se están a empregar ou se empregaron no pasado algún tipo de medida de prevención para mitigar a presenza das Ouxas nos seus bancos marisqueiros?. De ser o caso indique cales

-No ámbito da súa confraría se están a empregar ou se empregaron no pasado algún tipo de medida de protección para mitigar a presenza das Ouxas nos seus bancos marisqueiros?. De ser o caso indique cales

-Considera que existe algún tipo de iniciativa ou proposta que se podería pór en marcha co fin de reducir o impacto destes peixes nos seus bancos marisqueiros?. Por favor, indíqueo

PARTE C

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Preguntas a cubrir pola asistencia técnica o representante da confraría que poida ter información destas cuestións

-Podería estimar aproximadamente os custes que representa en termos de materiais, traballo e persoal as medidas de protección e prevención que teñen aplicado fronte a depredación destas especies?.

-Podería indicar en canto estima que son as perdas (en porcentaxe) nos seus bancos marisqueiros que estarían asociados coa presenza de individuos de ousas?



9. ANEXO V. Informe de diagnóstico (Entregable I).

Estudo preliminar sobre presenza da ouxa (*Myliobatis aquila*) no litoral de Galicia. SOL-OUXA I

INFORME de DIAGNÓSTICO (ID) (Entregable 1)

ÍNDICE

1. OBXECTIVO.
2. LAGOAS DE COÑECIMENTO.
 - 2.1 Bioloxía da especie.
 - 2.2 Emprego de métodos disuasorios.
 - 2.3 Determinación da depredación das "ouxas" sobre os recursos marisqueiros.
 - 2.4 Estudo da lexislación aplicable.
 - 2.5 Valorización.
3. POSIBLES ACCIÓNS
 - 3.1 Avaliación de stocks ou abundancia nas rías.
 - 3.2 Establecemento dunha rede de observadores.
 - 3.3 Estudo dos parámetros fisicoquímicos.
 - 3.4 Estudo do comportamento en cativeiro.
 - 3.5 Estudo dos contidos estomacais.
 - 3.6 Estudo das pegadas das ouxas nas zonas intermareais.
 - 3.7 Avaliación de métodos disuasorios.
 - 3.8 Potencial valorización.

1. OBXECTIVO.

O obxectivo deste **Informe de Diagnóstico** (ID) é servir de documento de traballo base para facer unha primeira posta en común entre os membros do Grupo de Traballo (GT) do proxecto Sol-Ouxa I das lagoas de coñecemento nas costas galegas do peixe condricio *Myliobatis aquila* (Linnaeus, 1758), comunmente coñecido como "ouxa". Trátase dunha especie bentopeláxica que habita nun rango de profundidade de 1-300 metros, aínda que mostra preferencia por zonas costeiras, como baías e estuarios, onde pode vivir en augas salobres. Nas áreas interiores das rias tense constatado importantes abundancias, feito que podería estar relacionado cun comportamento gregario en determinadas épocas do ano. Estas concentracións son en parte a causa de que tradicionalmente sexan considerados polo sector marisqueiro coma un dos principais predadores de diferentes confrarías.

2. LAGOAS DE COÑECIMENTO.

A "ouxa" é unha especie que carece de valor comercial nas nosas costas, e tradicionalmente péscase de xeito accidental pola flota de artes menores (tramallos, bou de vara, etc.). Polo tanto, a nivel local existe un importante descoñecemento no que ten que ver coa súa bioloxía e comportamento. A maior parte da información proven das observacións dos propios mariscadores e pescadores, que habitualmente as atopan nas súas artes de pesca, rexistran a súas pegadas no sedimento ou simplemente ven os cardumes dende as embarcacións. Ao longo deste proxecto leváronse a cabo enquisas e entrevistas con diferentes representantes de confrarías (asistencias técnicas, persoal técnico, pescadores e mariscadores), e nelas se constatou que a súa presenza se percibe coma unha das causas da falta de marisco que está a afectar aos bancos marisqueiros galegos.

2.1 Bioloxía da especie.

- **Ciclo reprodutivo.** Afondar no coñecemento da reprodución desta especie nas augas galegas.

De acordo coa bibliografía os machos maduran antes cas femias, cunha lonxitude de disco de aproximadamente 40 cm. As femias, sen embargo, acadan a madurez con 60 cm.

É unha especie ovovivípara. Os embrión aliméntanse do saco vitelino, y tras unha xestación de 6 a 8 meses nacen as camadas de 3 a 7 individuos. No Mediterráneo a época de reprodución se produce de agosto a outubro (as veces máis tarde nas poboacións das costas italianas), e as femias soen dar a luz en primavera, en zonas próximas as costas.

-Capapé, Christian, et al. "Reproductive Biology of the Common Eagle Ray, *Myliobatis aquila* (Chondrichthyes: Myliobatidae) from the Coast of Languedoc (Southern France, Northern Mediterranean)." *Vie et Milieu*, vol. 53, 2007, pp. 25–30.

-Saadaoui, and Béchir Saïdi. "Reproductive Biology of the Common Stingray *Dasyatis pastinaca* (Linnaeus, 1758) off the Gulf of Gabès (Central Mediterranean Sea)." *ResearchGate*, 2015, https://www.researchgate.net/publication/284779750_Reproductive_biology_of_the_common_stingray_Dasyatis_p

astinaca_Linnaeus_1758_off_the_Gulf_of_Gabes_Central_Mediterranean_Sea.

- **Formación de agregacións.** Coñecer o comportamento gregario desta especie nas augas galegas. Determinar as causas e a existencia dun posible patrón estacional que puidera estar relacionado con factores medioambientais como a temperatura da auga. A bibliografía consultada non conclúe sobre unha única causa que explique a formación de agrupacións de individuos, aínda que se apuntan factores reprodutivos, alimentación, eliminación de parasitos ou zonas de paso.

-Afonso, Pedro, and Nuno V. Rodrigues. "Summer Aggregations of the Common Eagle Ray, *Myliobatis Aquila*." Arquipélago - Life and Marine Sciences, vol. 32, 2015.

-Grancagnolo, Desiree, and Marco Arculeo. "Summer Aggregation of Common Eagle Ray, *Myliobatis Aquila* (Chondrichthyes: Myliobatidae), in the Marine Protected Area of the Egadi Islands (Southwestern Tyrrhenian Sea)." Biogeographia – The Journal of Integrative Biogeography, vol. 36, 2021, <https://doi.org/10.21426/B636051230>.

- **Depredación sobre fauna bentónica.** Estudos realizados no Adriático indican que as ouxas aliméntanse case exclusivamente de invertebrados bentónicos, tamén algúns peixes pequenos, que viven en areas con fondos de sedimento brando. En xeral, os grupos de presas atopados nos estómagos desta especie indican que é un depredador xeneralista que se alimenta de varios tipos de organismos bentónicos, cunha ampla gama de tamaños e morfoloxías. Entre outros menciónanse gasterópodos, bivalvos, decápodos e mesmo peixes como o seu alimento.

-Jardas, I., et al. "Diet Composition of the Eagle Ray, *Myliobatis aquila* (Chondrichthyes: Myliobatidae), in the Eastern Adriatic Sea." Cybium, vol. 28, 2004, pp. 372–74.

-Saglam, Hacer, et al. Diet and Feeding Strategy of the Common Stingray *Dasyatis pastinaca* (Linnaeus, 1758) on the Turkish Coast of Southeastern Black Sea. 2010, <https://doi.org/10.21411/CBM.A.C51293DF>.

-Ponte, Dário, et al. "Diet of *Dasyatis pastinaca* and *Myliobatis aquila* (Myliobatiformes) from the Azores, NE Atlantic." Cybium: International Journal of Ichthyology, vol. 40, 2016, pp. 209–14.

2.2 Emprego de métodos disuasorios.

A presenza de "ouxas" nos bancos marisqueiros, as veces en elevadas concentracións, percíbese polo sector coma unha das ameazas que está a afectar ao declive de diferentes especies de bivalvos comerciais. De xeito tradicional, o sector marisqueiro e especialmente os parquistas, empregan diferentes técnica que teñen coma obxectivo manter afastados a estes peixes das zonas produtivas. Nas enquisas levadas a cabo ao longo do proxecto se puxeron de manifesto algún destes métodos:

- Colocación de "espanta peixes" coma discos prateados ou sacos con botellas no seu interior. Neste último caso, o ruído que producen podería escorrentar ás "ouxas".
- Colocación de "raeiras" ao redor dos bancos ou parques para que estes peixes queden enredados nestes tipo de redes que tradicional empréganse para captura de raías.
- Colocación de estacas de madeira a unha distancia aproximada de 50 centímetros nas zonas onde se levan a cabo sementeiras se. Nalgún caso tamén se teñen disposto pedras.
- Colocación de exemplares de "ouxas" mortos que, de acordo coa percepción de algúns

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

mariscadores/parquistas, serve dun xeito de “advertencia” para outros individuos de esta especie que poidan querer depredar nos bancos marisqueiros.

Non se ten un coñecemento preciso da efectividade dos métodos anteriormente citados, e nalgún casos non están autorizados pola administración, polo que son difíciles de avaliar.

No caso de outros peixes e mamíferos mariños que exercen presión sobre os recursos pesqueiros ou poden ser perigosos para as persoas, se teñen desenvolto diferentes metodoloxías ou dispositivos que teñen coma obxecto mantelos afastados doutras especies comerciais e mesmo das zonas de baño, sen causar a súa morte. Entre outras se poden destacar:

- Dispositivos acústicos para reducir as capturas accidentais de mamíferos mariños e minimizar a súa interacción coas redes de pesca (ex. Proxecto PIN-Arrastre, no que participou o Instituto Oceanográfico de Vigo).
- Dispositivos persoais para disuadir o achegamento de tiburóns e raías con anguilóns que son sobre todo empregados por surfistas e mergulladores. Estes dispositivos baséanse principalmente en pulsos electromagnéticos que afectan a este peixe conditio, inundando as ampolas de Lorenzinas que experimentan espasmos provocando que finalmente se afasten do emisor magnético.
- En certas praias onde hay presenza de tiburóns se está a experimentar con cortinas de burbullas, que actúan a xeito de barreira que os manteñen afastados dos bañistas, xa que rexeitan atravesalas. Este efecto conséguese mediante a instalación de mangueras perforadas no leito mariño conectada a bombas de aire.

Nalgúns casos estes dispositivos non se mostraron aínda efectivos ou non existen probas científicas que sirvan para conformar que axudan manter afastados a este tipo de peixes dun área determinada.

-Huveneers C, Whitmarsh S, Thiele M, Meyer L, Fox A, Bradshaw CJA. 2018. Effectiveness of five personal shark-bite deterrents for surfers. PeerJ 6:e5554 <https://doi.org/10.7717/peerj.5554>.

2.3 Determinación da depredación das “ouxas” sobre os recursos marisqueiros.

A presenza de “ouxas” nas rías galegas é un feito que se constata polas moitas observacións dos pescadores, que normalmente observan dende as súas embarcacións os bancos de peixes que entran nas rías ou ben as capturan nas súas artes de pesca, as veces en cantidades que superan a centena. Igualmente, o sector marisqueiro considera que esta especie é un dos principais depredadores dos bivalvos comerciais que habitan as nosas costas, sendo este problema principalmente importante nas zonas intermareais máis internas das rías. A principal evidencia que deixan nos bancos marisqueiros son as súas pegadas, buratos que teñen forma similar a do corpo destas raías, e ademais poden acompañarse de restos de cunchas rotas que asemellan estar trituradas polas placas dentais que posúen as “ouxas”.

Algunhas referencias bibliográficas rexistraron xa estudos das pegadas deste tipo de peixes conditios no

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

sedimento e a estimación do seu efecto na fauna bentónica, a predilección por algúns grupos taxonómicos ou especies, a dependencia da densidade destas ou como a presenza destes buracos pode modificar o hábitat.

- Hines, Anson H., et al. "Nonlinear Foraging Response of a Large Marine Predator to Benthic Prey: Eagle Ray Pits and Bivalves in a New Zealand Sandflat." *Journal of Experimental Marine Biology and Ecology*, vol. 216, no. 1–2, 1997, pp. 191–210, [https://doi.org/10.1016/S0022-0981\(97\)00096-8](https://doi.org/10.1016/S0022-0981(97)00096-8).
- Barnes, Richard S. K., and Lily G. Cottrell. "Do Stingray Feeding Pits Enhance Intertidal Macrobenthic Biodiversity?" *Hydrobiologia*, vol. 851, no. 14, 2024, pp. 3403–12, <https://doi.org/10.1007/s10750-024-05504-7>.

2.4 Estudo da lexislación aplicable.

A especie *Myliobatis aquila* se recolle na Lista Vermella de Especies Ameazadas da UICN (International Union for Conservation of Nature and Natural Resources). A nivel mundial considérase que se atoparía en perigo crítico, mentres que a unha escala máis próxima, Europa e países do Mediterráneo, o seu estado de conservación asemella ser mellor, describíndose unicamente coma "vulnerables". Tendo en conta esta situación, o feito de que a nivel Galego non se coñece cal é o estado do seu stock e que a lista vermella da UICN non supón un estado legal, polo cal as especies nela recollida teñen que obrigatoriamente ser protexidas, requírese coñecer en maior profundidade a lexislación aplicable a esta potencial pesqueira. Do mesmo xeito, o decreto 15/2011, que regula a nivel autonómico as artes e aparellos de pesca tería de ser estudado ante a posibilidade de empregar algunhas artes de enmalle coma as "raeiras", no caso de que se requirise do seu uso no marco dun plan experimental que se desenvolvese nun proxecto que xurdira a partires dos resultados do SOL-OUXA I.

2.5 Valorización.

Trátase dunha especie que non se comercializa, xa que a súa carne é pouco apreciada. Só se consume en fresco, E nalgúns países do Mediterráneo como Tunisia e do Mar Adriático se pode atopar nos seus mercados. Nas enquisas e entrevistas que se realizaron ás confrarías confirmouse que esta especie só se pesca de xeito accidental e non ten valor económico. Aínda así, algún dos pescadores comentaron que a consumiran, e a súa carne non é moi diferente á dos outros tipos de raias que se comercializan en Galicia, requirindo dun tratamento e preparación similar debido a súas características organolépticas. Aínda que a súa calidade puidera ser inferior a de outras peixes de características similares, xorde a posibilidade de tentar a súa valorización nunha acción experimental, xa sexa de xeito tradicional ou incorporándoa a novas receitas.

POSIBLES ACCIÓNS

No marco dun futuro proxecto que se desenvolva en base aos resultados obtidos en SOL-OUXA I, tendo en conta o coñecemento existente sobre esta especie de raia e a percepción que do seu impacto no medio ten o sector pesqueiro e marisqueiro, o GT e outras institución e/o grupos de investigación colaboradores,

terían que abordar diferentes accións.

A continuación, de xeito tentativo descríbense algunhas das tarefas que poderían abordarse. Estas propostas requirirían de ser completadas polos membros do GT, así como incluír outras novas que puideran axudar a formular un proxecto que tivera como principal obxectivo afondar no coñecemento desta especie nas augas galegas e facer unha proposta de solucións ao seu impacto nos recursos marisqueiros.

3.1 Avaliación de stocks ou abundancia nas rías.

Dado o descoñecemento que existe na actualidade sobre a bioloxía, comportamento e abundancia das ousas nas augas de Galicia, sería de gran importancia avaliar o estado dos seus stocks e si fora posible determinar o seu rendemento sostible. Tendo en conta que o traballo se desenvolvería no marco dun proxecto cunha duración e recursos limitados, posiblemente non se poda acadar unha avaliación precisa da situación. De tódolos xeitos, poderíase intentar unha información aproximada sobre as súas abundancias e comportamento nas rías e no litoral galego. Para elo propóñense, entre outras, as seguintes tarefas:

- Analizar en detalle a información histórica sobre as capturas desta especie, dende o ano 1999, coa que conta a Unidade de Pesca de Baixura (UTPB) da Consellería do Mar.
- Aplicación de técnicas de marcaxe e recaptura de individuos desta especie. Para a súa posta en funcionamento sería de interese poder colaborar cunha serie de confrarías nas que os seus pescadores capturen habitualmente individuos desta especie de xeito accidental (ex. tramallos), aínda que sería recomendable poder empregar redes dun so pano, como as raeiras, xa que facilitan a liberación dos exemplares evitando problemas de picaduras cos aguillóns. O deseño da experiencia e a marcaxe levaríase a cabo por membros do GT con experiencia neste tipo de traballos.
- De xeito paralelo desenvolveríanse traballos empregando a telemetría, de xeito similar a como as que se están a levar a cabo na ría de Vigo nos marco doutros proxectos de investigación (ex. Belas (<https://www.belasproject.com/galego>)). Poderíase intentar replicar un deseño experimental similar en outras áreas como a Ría de Arousa. Estas técnicas axudarían a coñecer o comportamento das "ousas" nas rías, as súas migracións e posibles preferencia por determinadas zonas. Tentaríase establecer unha relación coa existencia de bancos marisqueiros ou parques de cultivo onde exista unha alta densidade de moluscos bivalvos. Ao igual que no caso anterior, requiríase da colaboración de diferentes confrarías, que proporcionarían os exemplares nos que se instalarían os dispositivos acústicos.

- Realización doutras experiencias que axuden a avaliar os stocks das ouxas nas costas galegas e se foxe posible a nivel de ría. O seu comportamento podería estudarse en relación coa época do ano e a variación de parámetros como a temperatura da auga.

3.2 Establecemento dunha rede de observadores.

Naquelas confrarías que participen no novo proxecto sería de gran axuda establecer unha rede de colaboradores/observadores que informarían aos responsables do mesmo da aparición de ouxas. Nesta rede participarían as asistencias técnicas, como persoa de contacto, que podería recompilar a información aportada polos colaboradores. Os pescadores artesanais e ou outro persoal da confraría poden observar dende as súas embarcacións a presenza desta especie de peixe. Entre as labores desta rede estarían as seguintes tarefas:

- Rexistro de aparición dos cardumes de ouxas. Deberían reportar a data e zona onde se observaron, e cando sexa posible rexistralo mediante fotografías ou filmación de vídeo.
- Rexistro de abundancia de ouxas recollidas nos aparellos de pesca. Para elo se prepararía un formulario sinxelo que se repartiría entre os pescadores participantes de forma que poidan apuntar o número aproximado de ouxas capturadas e a zona onde foron pescadas. Igualmente, cando sexa posible, se rexistrara de forma gráfica (fotografía ou vídeos) as capturas.
- Rexistro das zonas e datas nas que se atopan no sedimento pegadas que se asocian á presenza de concentracións de ouxas que depredan nos bivalvos infaunais na zona intermareal. Esta información podería axudar a establecer a existencia dun patrón de comportamento estacional.
- Emprego de APPs, xa existentes ou que se podan desenvolver no marco do proxecto, que permitan a toma de imaxes xeo referenciadas, de xeito que se poida contar con información en tempo real da presenza de ouxas, especialmente cardumes.

3.3 Estudo dos parámetros fisicoquímicos.

Parámetros fisicoquímicos como a temperatura e a salinidade determinan en grande medida o desenvolvemento de moitas especies mariñas, relacionándose directamente coa súa bioloxía e comportamento. Neste sentido, aspectos como a súa reprodución, migración ou busca de alimento vense afectados polos cambios dos parámetros anteriormente citados. É por elo, que aquelas tarefas que se leven a cabo para afondar no coñecemento de *Myliobatis aquila* nas nosas augas, poderían tamén incluír o seu estudo e análise. A obtención de información a partir de dispositivos de medición que rexistran datos de xeito periódico o en continuo nas rías (ex. boias, CTDs) podería contrastarse co análise de datos de satélite, de xeito que se puidera establecer patróns de comportamento estacionais desta especie, relacionada coas condicións medioambientais.

A falta de datos ou a pouca precisión dos mesmos, por referirse a zonas moi amplas ou afastadas de onde se observa habitualmente a presenza das ouxas e a súa depredación sobre os recursos marisqueiros, podería completarse co rexistro de variables ambientais con medios propios do proxecto. Neste sentido, comercialízanse na actualidade dispositivos "low-cost" cunha alta precisión, que poderían ser instalados naquelas áreas de interese, e deste xeito contar cunha fonte de información propia e adaptada as características do proxecto.

No ámbito do GT, de considerarse interesante esta liña de investigación para o proxecto, poderíase contactar con institucións/grupos de investigación que puideran recompilar, analizar e tratar a información, de xeito que puidese axudar a explicar o incremento da presenza das ouxas en períodos do ano concretos ou ben en determinadas zonas das rías.

3.4 Estudo do comportamento en cativeiro.

En colaboración con pescadores das confrarías participantes ou con membros do GT se capturarían exemplares vivos de "ouxas", preferiblemente varios machos e femias de diferente tamaño e se trasladarían a acuarios o tanques onde se levarían a cabo diferentes experimentos. Tralo seu acondicionamento en cativeiro, tomaríase como punto de partida o traballo desenvolvido no marco do estudo de *"técnicas de prevención e protección das principais especies de depredadores dos recursos de moluscos bivalvos de bancos naturais e zonas de cultivo no litoral e rías galegas (2007 – 2010)"* levado a cabo no acuario do Grove. Polo tanto, realizaríanse principalmente probas para determinar cales son os grupos de presas que compoñen a súa dieta (poliquetos, crustáceos, moluscos, etc.) e igualmente dentro das diferentes especies de bivalvos comerciais, cales son os que se verían máis afectados pola súa depredación (ameixas, berberechos, navallas, etc.). Teríase en conta tanto o tamaño dos peixes como dos bivalvos que se lle abastecerían (exemplares adultos e semente), xa que factores como a dureza ou grosor da cuncha parecen condicionar o xeito como se alimentan.

3.5 Estudo dos contidos estomacais.

Dado o perigo que representa esta especie para os pescadores de artes menores que as pescan nos seus aparellos, unha práctica moi habitual es dar morte a os exemplares que veñen enredados nas redes, para así facilitar a súa manipulación. Tendo en conta a dispoñibilidade a colaborar que xa amosaron algunhas das confrarías entrevistadas, e de contar cos correspondentes permisos da administración para a súa pesca, podería levarse a cabo un estudo dos contidos estomacais de diferentes individuos. Para elo sería interesante deseñar unha experiencia na se capturasen individuos de diferentes tamaños e sexos, en diferentes áreas das rías e épocas do ano. De acordo co resultado das enquisas levadas a cabo nas primeiras fases do proxecto, confirmouse que as "ouxas" depredan diferentes especies, e que dependendo dos bancos marisqueiros nos que se atopen poden ter unha maior predilección por un tipo ou outro de molusco

bivalvo, especialmente no caso das ameixas.

Para este estudo requírese a participación de grupos de investigación que teñan coñecementos taxonómicos en invertebrados mariños e poidan chegar a determinar a que especies o xéneros pertencen os contidos estomacais

3.6 Estudo das pegadas das ouxas nas zonas intermareais.

De acordo co xa exposto na sección 2.3 deste documento, tanto a bibliografía como a experiencia dos mariscadores amosan que o principal rastro da presenza das “ouxas” na franxa intermareal son as súas pegadas no sedimento (area e/ou fango), no que se posan para alimentarse. Estas pegadas fórmanse principalmente ao intentar desenterrar do substrato as súas presas co seu fouciño o co movemento das aletas laterais. Igualmente, é bastante común atopar nestes buracos restos de cunchas trituradas. Os membros do GT que traballan no campo dos recursos marisqueiros e/ou estudo da fauna bentónica poderían desenvolver traballos que permitirán confirmar que son as ouxas os organismos responsables da aparición das pegadas, determinar as súas características (tamaño, forma, profundidade, etc.), comprobar o estado dos restos de cunchas, determinar como afecta a predación á infauna dos bancos marisqueiros, etc. A bibliografía recolle metodoloxías aplicadas noutros estudos similares que poderían ser adaptadas as características das “ouxas” nas rías galegas, ou ben complementarse con outros traballos. Igualmente, estas experiencias serían susceptibles de complementarse coa instalación de cámaras somerxibles, que poidan filmar o comportamento desta especie, especialmente en zonas intermareais onde se alimentan.

3.7 Avaliación de métodos disuasorios.

O sector marisqueiro e os parquistas empregan diferentes métodos co fin de reducir o impacto da depredación das “ouxas” sobre os bivalvos comerciais que recollen. Nas enquisas levadas a cabo no marco deste proxecto describíronse algunhas delas, nalgúns casos estas técnicas implican o emprego de redes ilegais ou ben o sacrificio dos exemplares capturados deste peixe. Sen embargo, tamén se mencionan outros que poderían ser efectivos e non supoñen a inicialmente un dano para os peixes e tampouco alterarían en grande medida o substrato. Igualmente, baseados en novos desenvolvementos tecnolóxicos estanse a probar e empregar algunhas técnicas (por exemplo, “repelentes” sónicos ou electromagnéticos), especialmente para evitar a interacción de humanos con especies perigosas, que poderían ser de interese no caso das “ouxas”. Proponse levar a cabo unha revisión de todos estes métodos, tanto os máis tradicionais como aqueles cunha compoñente máis tecnolóxica. A partires da información recollida e tendo en conta a súa aplicabilidade en termos de dispoñibilidade e presuposto, se intentarán probar algúns destes métodos e determinar a súa efectividade.

3.8 Potencial valorización.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

Aínda que a súa carne non é apreciada nin tradicionalmente se comercializa en Galicia, como pola contra pasa con outras especies de raías, si se constatou que nalgúñas confrarías os pescadores as tiñan consumido. Parece que a calidade da súa carne sería inferior ca de outros peixes similares, mais preparado de xeito tradicional seu consumo é aceptable e mesmo podería confundirse con outras raías. Este feito, unido a que noutros países se comercializa con normalidade, fai pensar na posibilidade de valorizalo coa axuda de cociñeiros que poidan empregalo coma materia prima para a preparación de diferentes receitas.

Dentro desta liña de actuación tamén podería contemplarse un posible estudo para comprobar como se degrada a súa carne co tempo e como se incrementan os seus niveis de urea para intentar determinar cal é a "caducidade" da súa carne e así optimizar a calidade no caso de poder comercializala.

Para intentar por en marcha estas últimas accións de valorización da súa carne, hai que ter en conta que aínda que esta especie está incluída na listaxe de especies pesqueiras en España, a situación de vulnerabilidade na que se atopa esta especie a nivel europeo segundo a UICN, fai que o seu posible consumo, a priori, non estea recomendado desde un punto de vista de sostenibilidade global e ademais podería ser necesario contar con permisos da administración autonómica ou estatal.

10. ANEXO VI. Principais elementos da proposta SOL-OUXA II (Entregable 2)

CONSORCIO

A partires do Grupo de Traballo conformado en SOL-OUXA I o consorcio integrárase tentativamente polos seguintes socios ou colaboradores:

- Centro de Investigacións Mariñas (CIMA)
- Centro Tecnolóxico del Mar – Fundación CETMAR
- Federación Galega de Confrarías de Pescadores (FGCP)
- Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC)
- Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC)
- Diversas Confrarías de Galicia

ESTADO DA ARTE:

A estado da arte da nova proposta elaborárase sobre toda a información recompilada no proxecto previo (bibliografía, enquisas, entrevistas etc.).

PAQUETES DE TRABALLO

Os principais elementos nos que posiblemente se baseará SOL-OUXA II así coma as organizacións que potencialmente participarían nas diferentes accións recóllense na seguinte táboa. Previsiblemente nas próximas semanas afondarase no contido dos Paquetes de Traballo que se sinalan, coa intención de preparar unha proposta final. Así mesmo, prepararíase o correspondente presuposto que acompañaría á solicitude dun novo proxecto REDEMAR.

Táboa XI. Posibles Paquetes de Traballo que se poderían abordar nun futuro proxecto SOL.OUXA II.

PAQUETES DE TRABALLO	Tarefas	Participantes	Outros posibles colaboradores
PTO: CORDINACIÓN E COMUNICACIÓN			
Coordinación.	-Seguimento dos obxectivos e resultados esperados. -Fluxo de información. Informes de actividade e financeiros.	CIMA & CETMAR	
Comunicación e Transferencia.	-Diseminación dos resultados do proxecto (redes sociais, eventos, etc.) e transferencia aos actores principais.	CETMAR, CIMA & FGCP	Contribución do resto de socios
PT1: CONOCIMIENTO SOBRE LA ESPECIE: ABUNDANCIA, COMPORTAMIENTO Y HÁBITOS DE DEPREDAIÓN			
T1.1. Avaliación de stocks ou abundancia nas rías.	-Avaliación da información histórica: lances realizados pola UTPB.	UTPB & CIMA.	

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

	-Avaliación dos stocks/abundancias. Marcaxe e recaptura e/o outras metodoloxías.	IEO-CSIC.	-Outras confrarías ou parques de cultivo que participen: Provisión exemplares.
	-Emprego de técnicas de telemetría e BRUV.	IIM-CSIC.	-Outras confrarías ou parques de cultivo que participen: Provisión exemplares.
	-Outras técnicas/metodoloxías	-	-
T1.2. Estudo do comportamento en cativeiro.	-Captura e aclimatación en tanques ou acuarios. Deseño e realización de experimentos (dieta e hábitos de alimentación).	CIMA, Confraría de Cambados & IEO-CSIC.	-Outras confrarías ou parques de cultivo que participen: Provisión exemplares. -Outras institucións con instalacións axeitadas (ex. acuarios).
T1.3. Estudo dos contidos estomacais.	-Captura de exemplares para o estudo dos contidos estomacais: relación cos grupos tróficos existentes nos bancos marisqueiros.	CIMA, IEO-CSIC & Confraría de Cambados.	-Outras confrarías ou parques de cultivo que participen: Provisión exemplares.

PT2: MONITORIZACIÓN

T2.1. Establecemento dunha rede de observadores.	-Rexistro de ouxas, especialmente cardumes, e a súas pegadas no sedimento.	FGCP, CETMAR & Confraría de Cambados.	Outras confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto.
	-Emprego (adaptación ou desenvolvemento) dunha APP que sirva para rexistrar e xeo-referenciar as ouxas.	CETMAR, CIMA & outros.	Outros colaboradores no caso que se teña que desenvolver ou adaptar unha nova APP.
T2.2. Estudo das pegadas das ouxas nas zonas intermareais.	-Cuantificación, medición e caracterización das pegadas no sedimento.	CIMA, CETMAR, Confraría de Cambados, IEO-CSIC, UVigo? & outros.	Outras confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto.
	-Realización de experimentos para comprobar como afecta a depredación das ouxas aos bancos marisqueiros.	CIMA & UVigo?	Outras confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto.
	-Instalación de dispositivos de gravación (ex. cámaras gopro), estudo do comportamento das ouxas nos bancos marisqueiros..	IEO-CSIC, IIM-CSIC & Confraría de Cambados	Outras confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto.
T2.3 Estudo dos parámetros físicoquímicos.	-Series históricas de datos existentes (Ex. CTDs, etc.). -Instalación de novos dispositivos (ex. EnvLogger, etc.). -Recollida, análise e tratamento de información de datos de satélite.	CIMA & CETMAR/UTMAR, OBSERVATORIO & outros grupos de investigación	Outras confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto Outros grupos de Investigación.

PT3: MEDIDAS

T 4.1. Análise do contexto regulatorio.	Análise da lexislación autonómica, estatal e europea	CIMA & CETMAR	DXDP/DXPAIT
--	--	--------------------------	--------------------

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3]. OIX: D.X. Desenvolvemento Pesqueiro

	instrumentos de protección de especies. Valoración da viabilidade de posibles medidas no contexto regulatorio actual		
T4.2. Avaliación e proposta de medidas de prevención e de protección.	-Recompilación e avaliación das metodoloxías disuasorias tradicionais que existen na actualidade, tanto das que se empregan tradicionalmente como das que teñen unha base tecnolóxica.	CIMA , CETMAR, IEO-CSIC, IIM-CSIC & Outros grupos de investigación que podan expor algunha tecnoloxía.	Outras confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto. Outros grupos de Investigación.
T4.3. Avaliación de medidas de aproveitamento da especie: pesquería e valorización.	-Avaliación da oportunidade de establecer unha pesquería da especie coñecida coma ouxa. -Establecemento de colaboración con cociñeiros podan desenvolver receitas nas que se inclúan elaboracións con carne de ouxa. -Realización de análises para a determinación dos niveis de urea e outras substancias que poidan afectar á calidade da súa carne e posible comercialización.	CIMA, Centro Carlos Oroza & outros.	Outros centros de formación (Ex: Escola Superior de Hostalería de Galicia) e outros cociñeiros e restauradores que podan por en valor a carne deste especie. Centros de Tecnoloxía dos Alimentos dependentes da Xunta de Galicia ou outras entidades.

PT4: IMPACTO

T4.1 Estudo perdas económicas.	-Realización de enquisas as confrarías sobre as perdas producidas pola depredación das Ouxas -Expor algunha experiencia en varias confrarías que permita determinar as perdas relacionadas con esta problemática.	CIMA, CETMAR, UVigo? & outros grupos de investigación	Participación de confrarías ou parques de cultivo que participen no proxecto Outros grupos de Investigación.
---------------------------------------	--	--	---